

Verdegaia convida ao alcalde de Santiago a participar na Masa Crítica

Mediante carta remitida a pasada semana, a asociación ecoloxista Verdegaia convidou ao alcalde de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo a participar na Masa Crítica que se celebrará este mércores 31 de maio ás 20:30 con saída dende a caseta de turismo da Praza de Galicia.

O venres 19 de maio, El Correo Gallego publicaba unha entrevista, feita polo periodista Carlos Deaño baixo o título Bugallo, las ‘24 horas’ de un alcalde sin tiempo para pasear en bici, na que o alcalde comentaba que entre as aficións que se vira na obriga de abandonar por razóns do cargo destacaba a bicicleta - "Antes sempre podía aproveitar as tardes dos mércores e os domingos pola mañá, pero agora nin iso".

Verdegaia viu-se gratamente sorprendida por esa afición descoñecida e lamentablemente abandonada, e así llo comunicou na devandita carta na que salientou asimismo o aprecio compartido pola bicicleta, máis non só como elemento lúdico e deportivo, senón como unha ferramenta de transporte ecolóxica, rápida e eficiente. A posibilidade de lle axudar a recuperar tan sustentábel afección foi o motivo de convidalo a participar na Masa Crítica de Compostela.

A Masa Crítica é unha "coincidencia organizada" de ciclistas que realizan un paseo colectivo pola cidade. Este evento celébrase mensualmente en máis de 350 cidades de todo o mundo, baixo o lema "Pedaléa todos os días, celébralo unha vez ao mes". Comezou en San Francisco (EE.UU) no ano 1992. O nome de "Masa Crítica" ven do documental "Return of the scorcher" de Ted White, onde se describen as normas de cruce nas interseccións nas grandes cidades chinesas como unha cuestión de “masa crítica”: O tráfico para cruzar ten que agardar até que acada unha masa crítica que lle permite meterse e frear o fluxo principal de tráfico que vese na orixa de parar até alcanzar a súa vez a masa crítica suficiente para poder circular de novo.

En Compostela celébrase todos os últimos mércores de mes dende outubro do 2004.

A bicicleta ten demostrado sobradamente as súas vantaxes como ferramenta de transporte nas cidades e combinada co transporte público colectivo, nos desprazamentos interurbanos. Révelase como o medio máis rápido porta a porta en distancias de até 7 km, non contamina e ocupa moi pouco espazo urbano. É (xunto con camiñar) a ferramenta de transporte máis democrática, dotando de autonomía a grupos sociais que por cuestións de idade ou económicas non poden acceder a un automóbil.